

# **PROXECTO DOCENTE**

**CURSO 2016-2017**

**DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS**

**C.P.I. XANCEDA  
MESÍA**

## INDÍCE

<b>1. Aspectos xerais.....</b>	<b>páx 4</b>
<b>2. Conceptos clave .....</b>	<b>páx 5</b>
<b>3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....</b>	<b>páx 6</b>
<b>4. Contexto.....</b>	<b>páx 7</b>
4.1. Características do centro e do alumnado .....	páx 7
4.2. Obxectivos adaptados ao contexto.....	páx 8
<b>5. Secuenciación e temporalización .....</b>	<b>páx 10</b>
5.1. Matemáticas 1º ESO .....	páx 10
5.2. Matemáticas 2º ESO .....	páx 11
5.3. Matemáticas 3º ESO Académicas.....	páx 12
5.4. Matemáticas 3º ESO Aplicadas.....	páx 13
5.5. Matemáticas 4º ESO Académicas.....	páx 14
5.6. Matemáticas 4º ESO Aplicadas.....	páx 15
<b>6. Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares.....</b>	<b>páx 16</b>
6.1. Matemáticas 1º ESO.....	páx 16
6.2. Matemáticas 2º ESO.....	páx 29
6.3. Matemáticas 3º ESO – 4º ESO Académicas .....	páx 10
6.3.1. Contidos, criterios de avaliación, competencias clave, estándares.....	páx 45
6.3.2. Concreción dos estándares.....	páx 59
6.4. Matemáticas 3º ESO – 4º ESO Aplicadas.....	páx 72
6.4.1. Contidos, criterios de avaliación, competencias clave, estándares.....	páx 72
6.4.2. Concreción dos estándares.....	páx 87
<b>7. Temas transversais.....</b>	<b>páx 92</b>
<b>8. Metodoloxía, materiais curriculares e recursos didácticos.....</b>	<b>páx 94</b>
8.1. Materiais e recursos didácticos.....	páx 97

<b>9. Avaliación.....</b>	<b>páx 98</b>
9.1. Avaliación 1º e 2º de ESO.....	páx 98
9.2. Avaliación 3º e 4º de ESO.....	páx 103
9.3. Recuperación e avaliación do alumnado coa materia pendente.....	páx 108
<b>10. Avaliación do ensino e da práctica docente.....</b>	<b>páx 110</b>
<b>11. Avaliación da programación didáctica.....</b>	<b>páx 114</b>
<b>12. Atención á diversidade.....</b>	<b>páx 115</b>
<b>13. Actividades complementarias e extraescolares.....</b>	<b>páx 117</b>
<b>14. Datos do departamento.....</b>	<b>páx 118</b>
ANEXO ; CONTIDOS MÍNIMOS.....	páx 119

## **1. ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN.**

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou en distintos aspectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación,

Coa finalidade de establecer as condicións propicias para afondar nos cambios metodolóxicos,, o currículo estará integrado polos obxectivos de cada ensinanza e de etapa educativa; as competencias, ou capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos; os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias; a metodoloxía didáctica, que abrangue tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos/das docentes; os estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis; e os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa.

As matemáticas facilitánnos interpretar o mundo que nos rodea, reflicten a capacidade creativa, expresan con precisión conceptos e argumentos, favorecen a competencia para aprender a aprender e conteñen elementos de gran beleza, sen esquecer ademais o carácter instrumental que as matemáticas teñen como base fundamental para a adquisición de novos coñecementos noutras disciplinas, nomeadamente no proceso científico e tecnolóxico, e como forza condutora no desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

O currículo de Matemáticas está organizado en cinco bloques; todos eles teñen a mesma importancia na formación integral do alumnado.. A este respecto, cómpre sinalar que o currículo non debe verse como un conxunto de bloques independentes. É necesario que se desenvolva de xeito global, pensando nas conexións internas da materia, tanto dentro do curso como nas distintas etapas. Esta globalidade é salientable no que afecta ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", que evoluciona desde a resolución de problemas en primeiro de ESO ata as demostracións formais do segundo curso do bacharelato. Trátase dun bloque transversal a toda a materia. A súa incorporación dentro dos outros bloques será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel

establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación.

Durante os primeiros cursos é necesario que o alumnado alcance soltura suficiente no cálculo, sempre apoiado na adquisición do sentido numérico, que abrangue cálculo mental, estimación e dominio reflexivo das propiedades e operacións.

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas parte do currículo de Matemáticas de primeiro e de segundo de ESO, e dálle á materia un enfoque eminentemente práctico dirixido a proporcionar recursos e competencias que permitan ao alumnado continuar estudos de formación profesional.

É importante que no desenvolvemento do currículo desta materia os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados, polo que os estándares de aprendizaxe se formularon tendo en conta a imprescindible relación entre os referidos elementos. Todo iso xustifica que se organice en torno aos seguintes bloques para os cursos de terceiro fortalecendo tanto os aspectos teóricos como as aplicacións prácticas en contextos reais: "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", "Números e álgebra", "Xeometría", "Funcións" e "Estatística e probabilidade".

## **2. CONCEPTOS CLAVE DA PROGRAMACIÓN.**

**Obxectivos:** Referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

**Competencias:** Capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

**Contidos:** Conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.

**Criterios de avaliación:** Referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecemento coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

**Metodoloxía didáctica:** Conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

**Estándares de aprendizaxe:** Especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer

en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

**Grao de consecución dun estándar:** Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superar a materia. Canto maior sexa o grao esixido de consecución máis importante se considera o estándar.

**Estándares imprescindibles (Mínimos esixibles):** Son estándares mínimos esixibles para superar a materia. Son aqueles nos que o seu grao de consecución está en torno ao 100%.

**Indicadores de logro:** Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación de dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica.

**Rúbrica:** Instrumento de avaliación que permite coñecer o grado de adquisición dunha aprendizaxe.

**Criterios de cualificación e instrumentos:** Serven para ponderar o valor que dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.

### 3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de "Competencia matemática" e "**Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**". Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de

partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; os pensamentos abstracto, algorítmico e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables. Neste proceso están involucradas todas as competencias: a **comunicación lingüística**, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a **competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor**, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a **competencia dixital**, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados; a **competencia social e cívica**, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; a **competencia aprender a aprender**, tomando conciencia do proceso desenvolvido, das respostas logradas e das que aínda quedan por resolver; e a **competencia de conciencia e expresións culturais**, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

## **4. CONTEXTO.**

### **4.1. Características do centro e do alumnado.**

#### **4.1.1.- Características do centro.**

O CPI de Xanceda é un centro rural situado no Concello de Mesía, cun total de 170 alumnos matriculados no curso 2016/2017. Impártense os ensinos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Ao CPI de Xanceda atópanse adscritas dúas Escolas Unitarias, Olas e Visantoña, das que o alumnado se incorpora ao centro en 3º de Primaria.

Debido ao baixo número de alumnado, hai un grupo de cada curso. O grupo maior ten 23 alumnos/as , o que permite atender mellor a súas necesidades educativas .

#### **4.1.2. Características do alumnado.**

A lingua materna dominante é o galego. En 1º ESO, hai 4 alumnos con necesidades, dos cales un deles ten ACI's nas materias de Xeografía e Historia, Bioloxía e Xeoloxía, Lingua Galega e Literatura, Inglés, Matemáticas e Lingua Castelá e Literatura. En 2º e 3º ESO non hai alumnado con necesidades. En 4º ESO, hai un alumno con necesidades, detectadas hai 2 anos, e ao que se lle reforza na materia a través de apoio na aula por parte de PT e traballo adaptado.

O estrato social ao que pertencen estes/as alumnos/as é ao medio-baixo. Hai familias sen traballo e cun nivel de estudos básicos.

#### **4.2. Obxectivos adaptados ao contexto.**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.



f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizen achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporal, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos ser vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## **5. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.**

Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, que logo veremos, serán distribuídos en unidades didácticas. A continuación, indícase a súa secuenciación e temporalización aproximada, xa que poderían ser modificadas se o profesor/a, logo de avaliar as características do alumnado e o seu coñecemento previo da materia, o considera oportuno.

### **5.1. MATEMÁTICAS 1º ESO.**

<b>AVALIACIÓN</b>	<b>BLOQUES</b>	<b>UNIDADES</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>PRIMEIRA</b>	<b>1. Procesos, métodos e actitudes.</b> <b>2. Números e álgebra.</b>	1. Os números naturais.	10 sesións
		2. Potencias e raíces.	12 sesións
		3. Divisibilidade.	10 sesións
		4. Os números enteiros.	14 sesións
		5. Os números decimais.	12 sesións
<b>SEGUNDA</b>	<b>1. Procesos, métodos e actitudes.</b> <b>2. Números e álgebra.</b>	6. O Sistema Métrico Decimal.	8 sesións
		7. As fraccións.	8 sesións
		8. Operacións con fraccións.	12 sesións
		9. Proporcionalidade e porcentaxes.	10 sesións
		10. Álgebra.	12 sesións
<b>TERCEIRA</b>	<b>1. Procesos, métodos e actitudes.</b> <b>3. Xeometría.</b> <b>4. Funcións.</b> <b>5. Estatística e probabilidade.</b>	11. Rectas e ángulos.	6 sesións
		12. Figuras xeométricas.	8 sesións
		13. Áreas e perímetros.	15 sesións
		14. Gráficas de funcións.	10 sesións
		15. Estadística e probabilidade.	10 sesións

## 5.2. MATEMÁTICAS 2º ESO.

AVALIACIÓN	BLOQUES	UNIDADES	TEMPORALIZACIÓN
PRIMEIRA	<b>1. Procesos, métodos e actitudes.</b> <b>2. Números e álgebra.</b>	1. Os números naturais.	8 sesións
		2. Os números enteiros.	14 sesións
		3. Os n <sup>os</sup> decimais e as fraccións.	10 sesións
		4. Operacións con fraccións.	14 sesións
		5. Proporcionalidade e porcentaxes.	12 sesións
SEGUNDA	<b>1. Procesos, métodos e actitudes.</b> <b>2. Números e álgebra.</b>	6. Álgebra.	8 sesións
		7. Ecuacións.	10 sesións
		8. Sistemas de ecuacións.	12 sesións
		9. Teorema de Pitágoras.	10 sesións
		10. Semellanza.	10 sesións
TERCEIRA	<b>1. Procesos, métodos e actitudes.</b> <b>3. Xeometría.</b> <b>4. Funcións.</b> <b>5. Estatística e probabilidade.</b>	11. Corpos xeométricos.	8 sesións
		12. Medida do volume.	15 sesións
		13. Funcións.	10 sesións
		14. Estadística.	8 sesións
		15. Azar e probabilidade.	8 sesións

### 5.3. MATEMÁTICAS 3º ESO ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS.

AVALIACIÓN	BLOQUES	UNIDADES	TEMPORALIZACIÓN
1ª , 2ª E 3ª AVALIACIÓN	<b>Procesos, métodos e actitudes en matemáticas"</b>	En todas as unidades traballaremos os contidos deste bloque	
PRIMEIRA	A parte de <b>Números</b> será traballada en todos os bloques, o cálculo e o dominio das operacións, básico para a resolución de problemas O bloque de <b>Números</b> traballarase en todas ás avaliacións pero os contidos necesarios serán estudados de forma específica na 1ª AVALIACIÓN. 1ª parte do bloque de Álgebra	1. Números Racionales	14 sesións
		2. potencias y raíces	12 sesións
		4. Prporcionalidad numérica	10 sesións
		5. Polinomios	10 sesións
		3. Progresions ( os contidos de esta unidade serán traballados na primeira avaliación si a profesora considera que o alumnado está preparado, o despois do bloque de álgebra)	10 sesións
SEGUNDA	<b>2ª parte de Álgebra Xeometría</b>	6. Ecuacións de 1º e 2º grao	8 sesións
		7. Sistemas de ecuacións	8 sesións
		8. Lugares Xeométricos. Áreas e perímetros	8 sesións
		9. Movementsos e Semellanza.	8 sesións
		10. Cuerpos xeométricos	8 sesións
TERCEIRA	<b>Funcións. Estatística e probabilidade.</b>	11. Funcións	10 sesións
		12. Funcións lineais e cuadráticas	12 sesións
		13. Estadística	12 sesións
		14. Probabilidade	10 sesións

#### 5.4. MATEMÁTICAS 3º ESO ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS APLICADAS.

AVALIACIÓN	BLOQUES	UNIDADES	TEMPORALIZACIÓN
1ª , 2ª E 3ª AVALIACIÓN	<b>Procesos, métodos e actitudes en matemáticas"</b>	En todas as unidades traballaremos os contidos deste bloque	
PRIMEIRA	A parte de <b>Números</b> será traballada en todos os bloques, o cálculo e o dominio das operación, básico para a resolución de problemas  O bloque de <b>Números</b> traballarase en todas ás avaliacións pero os contidos necesarios serán estudados de forma específica na 1º AVALIACIÓN.	1. Números naturais, enteiros e decimais.	12 sesións
		2. Fraccións-	12 sesións
		3. Potencias e raíces	10 sesións
		4. Problemas de ptoporcionalidade e porcentaxes	12 sesións
		5. Secuencias numéricas	10 sesións
SEGUNDA	<b>Álgebra</b> <b>Funcións</b>	6.Linguaxe alxébrico	8 sesións
		7. Ecuacións de 1º e2º grao	10 sesións
		8. Sistemas de ecuacións	8 sesións
		9. Funcións e gráficas	6 sesións
		10.Funcións lineais e cuadráticas	8 sesións
TERCEIRA	<b>Xeometría.</b> <b>Estatística e probabilidade.</b>	11. Elementos de xeomtría plana	8 sesións
		12. Figuras no espazo.	12 sesións
		13 Movementos no plano	8 sesións
		14. Tablas e gráficos estatísticos	8 sesións
		15- Parámetros estatísticos	8 sesións

## 5.5. MATEMÁTICAS 4º ESO ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS.

AVALIACIÓN	BLOQUES	UNIDADES	TEMPORALIZACIÓN
1ª , 2ª E 3ª AVALIACIÓN	<b>Procesos, métodos e actitudes en matemáticas"</b>	En todas as unidades traballaremos os contidos deste bloque	
PRIMEIRA	A parte de <b>Números</b> será traballada en todos os bloques, o cálculo e o dominio das operacións, básico para a resolución de problemas  O bloque de <b>Números</b> traballarase en todas ás avaliacións pero os contidos necesarios serán estudados de forma específica na 1º AVALIACIÓN.  1ª parte do bloque de Álgebra	1. Números Reales	12 sesións
		2. Potencias, radicales e logaritmos	12 sesións
		3. Polinomios e fraccións alxébricas	10 sesións
		4. Ecuacións	12 sesións
		5. Sistemas de ecuacións	10 sesións
SEGUNDA	<b>2ª parte de Alxebra</b> <b>Xeometría</b> <b>1ª parte de Funcións</b>	6. Inecuacións	10 sesións
		7. Trigonometría	12 sesións
		8. Xeometría analítica	12 sesións
		9. Funcións	10 sesións
TERCEIRA	<b>Funcións.</b> <b>Estatística e probabilidade.</b>	10. Modelo de funcións	14 sesións
		11. Estatística	10 sesións
		12. Combinatoria	10 sesións
		13. Probabilidade	10 sesións

--	--	--	--

## 5.6. MATEMÁTICAS 4º ESO ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS APLICADAS.

AVALIACIÓN	BLOQUES	UNIDADES	TEMPORALIZACIÓN
1ª , 2ª E 3ª AVALIACIÓN	<b>Procesos, métodos e actitudes en matemáticas"</b>	En todas as unidades traballaremos os contidos deste bloque	
PRIMEIRA	A parte de <b>Números</b> será traballada en todos os bloques, o cálculo e o dominio das operacións, básico para a resolución de problemas  O bloque de <b>Números</b> traballarase en todas ás avaliacións pero os contidos necesarios serán estudados de forma específica na 1ª AVALIACIÓN.  1ª parte de Álgebra	1. Números Enteros y Racionales	14 sesións
		2. Números decimales.	8 sesións
		3. Números Reales	10 sesións
		4. Problemas aritméticos	10 sesións
		5. Expresións alxébricas	14 sesións
SEGUNDA	<b>2ª parte de Alxebra</b> <b>Funcións</b>	6. Ecuacións	12 sesións
		7. Sistemas de ecuacións	10 sesións
		8. Funcións características	8 sesións
		9. Funcións elementais	10 sesións
TERCEIRA	<b>Xeometría</b>	10. Xeometría	12 sesións
		11. Estatística	10 sesións
		12. Distribucións bidimensionais.	12 sesións

	<b>Estatística e probabilidade.</b>	13. Probabilidade	10 sesións

## 6. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES.

### 6.1. MATEMÁTICAS 1º ESO.

Matemáticas. 1º de ESO								
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Peso cualif.	Instrumentos de avaliación	Unidades
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪f</li> <li>▪h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪B1.1. Expresar verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪CCL</li> <li>▪CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪50%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪PO</li> <li>▪OBS</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪Todas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪e</li> <li>▪f</li> <li>▪h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪50%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪OBS</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪Todas</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪50%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪PO</li> <li>▪OBS</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪Todas</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪50%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪OBS</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪Todas</li> </ul>



Matemáticas. 1º de ESO								
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Peso cualif.	Instrumentos de avaliación	Unidades
	<p>sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.</p> <p>▪B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.</p>		<p>▪MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.</p>	<p>▪CMCCT</p> <p>▪CAA</p>	<p>▪50%</p>	▪	<p>▪OBS</p> <p>▪PE</p> <p>▪TI</p> <p>▪TG</p>	<p>▪Todas</p>
<p>▪b</p> <p>▪e</p> <p>▪f</p> <p>▪g</p> <p>▪h</p>	<p>▪B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.</p> <p>▪B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.</p>	<p>▪B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.</p>	<p>▪MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.</p> <p>▪MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade.</p>	<p>▪CMCCT</p> <p>▪CCEC</p> <p>▪CMCCT</p>	<p>▪50%</p> <p>▪50%</p>	▪	<p>▪PE</p> <p>▪OBS</p> <p>▪OBS</p> <p>▪PO</p>	<p>▪Todas</p> <p>▪10</p> <p>▪14</p> <p>▪15</p>
<p>▪b</p> <p>▪e</p> <p>▪f</p>	<p>▪B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos</p>	<p>▪B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras</p>	<p>▪MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.</p>	<p>▪CMCCT</p>	<p>▪50%</p>	▪	<p>▪OBS</p> <p>▪PO</p>	<p>▪Todas</p>

Matemáticas. 1º de ESO								
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Peso cualif.	Instrumentos de avaliación	Unidades
	resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.	preguntas, outros contextos, etc.	▪MAB1.4.2. Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.	▪CMCCT ▪CAA	▪50%	▪	▪OBS	▪Todas
▪b ▪f ▪h	▪B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	▪B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación.	▪MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).	▪CCL ▪CMCCT	▪50%	▪	▪OBS ▪PO	▪Todas
▪a ▪b ▪c ▪d ▪e ▪f ▪g	▪B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	▪B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.	▪MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. ▪MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios. ▪MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas. ▪MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. ▪MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	▪CMCCT ▪CSC ▪CMCCT ▪CSIEE ▪CMCCT ▪CMCCT ▪CMCCT	▪50% ▪50% ▪25% ▪50% ▪25%	▪ ▪ ▪ ▪ ▪	▪OBS ▪TI ▪TG ▪OBS ▪TI ▪TG ▪OBS ▪PE ▪TI ▪TG ▪OBS ▪TI ▪TG	▪Todas ▪Todas ▪Todas ▪Todas ▪Todas
▪b ▪e	▪B1.5. Práctica dos procesos de matematización e	▪B1.7. Valorar a modelización matemática como	▪MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados,	▪CMCCT ▪CAA	▪50%	▪	▪PO ▪OBS	▪Todas

Matemáticas. 1º de ESO								
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Peso cualif.	Instrumentos de avaliación	Unidades
▪f ▪g	modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	valorando outras opinións.	▪CSC				
▪a ▪b ▪c ▪d ▪e ▪f ▪g ▪l ▪m ▪n ▪ñ ▪o	▪B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	▪B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	▪MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).  ▪MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.  ▪MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.	▪CMCCT ▪CSIEE ▪CSC	▪75%	▪	▪OBS	▪Todas
			▪MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.	▪CMCCT ▪CAA ▪CCEC	▪50%	▪	▪OBS	▪Todas
			▪MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	▪CMCCT ▪CSIEE ▪CSC	▪75%	▪	▪OBS	▪Todas
▪b ▪g	▪B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	▪B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	▪MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	▪CMCCT ▪CSIEE	▪25%	▪	▪OBS	▪Todas
▪b ▪g	▪B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias	▪B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas, e aprender diso para situacións similares futuras.	▪MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares.	▪CMCCT ▪CAA	▪50%	▪	▪OBS	▪Todas

Matemáticas. 1º de ESO								
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Peso cualif.	Instrumentos de avaliación	Unidades
	do traballo científico.							
■e ■f ■g	■B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: –Recollida ordenada e organización de datos. –Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. –Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. –Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. –Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. –Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.	■B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.	■MAB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilizaas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	■CMCCT ■CD	■25%	■	■TI ■TG	■Todas
			■MAB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.	■CMCCT	■25%	■	■TI ■TG	■14
			■MAB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.	■CMCCT	■25%	■	■TI ■TG	■14
			■MAB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.	■CMCCT	■25%	■	■OBS ■TI ■TG	■11 ■12 ■13
			■MAB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estadísticas, extraer información e elaborar conclusións.	■CMCCT	■25%	■	■TI ■TG	■15

Matemáticas. 1º de ESO								
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Peso cualif.	Instrumentos de avaliación	Unidades
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪a</li> <li>▪b</li> <li>▪e</li> <li>▪f</li> <li>▪g</li> </ul>	<p>▪B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>–Recollida ordenada e organización de datos.</li> <li>–Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.</li> <li>–Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</li> <li>–Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</li> <li>–Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos.</li> <li>–Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.</li> </ul>	<p>▪B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartindoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.</p>	<p>▪MAB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios coa ferramenta tecnolóxica axeitada (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, e compárteos para a súa discusión ou difusión.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪CD</li> <li>▪CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪25%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪OBS</li> <li>▪TI</li> <li>▪TG</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪Todas</li> </ul>
			<p>▪MAB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪25%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪OBS</li> <li>▪TI</li> <li>▪TG</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪Todas</li> </ul>
			<p>▪MAB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪CD</li> <li>▪CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪50%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪OBS</li> <li>▪TI</li> <li>▪TG</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪Todas</li> </ul>
			<p>▪MAB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪CD</li> <li>▪CSC</li> <li>▪CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪50%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪OBS</li> <li>▪TI</li> <li>▪TG</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪Todas</li> </ul>
<b>Bloque 2. Números e álgebra</b>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪b</li> <li>▪e</li> <li>▪f</li> <li>▪g</li> </ul>	<p>▪B2.1. Números negativos: significado e utilización en contextos reais.</p>	<p>▪B2.1. Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e porcentaxes</p>	<p>▪MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪100%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪10%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪OBS</li> <li>▪PE</li> <li>▪PO</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪1</li> <li>▪4</li> <li>▪5</li> </ul>

Matemáticas. 1º de ESO								
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Peso cualif.	Instrumentos de avaliación	Unidades
▪h	<p>▪B2.2. Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora.</p> <p>▪B2.3. Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións. Representación, ordenación e operacións.</p> <p>▪B2.4. Números decimais: representación, ordenación e operacións.</p> <p>▪B2.5. Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións.</p> <p>▪B2.6. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.</p> <p>▪B2.7. Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas.</p> <p>▪B2.8. Xerarquía das operacións.</p> <p>▪B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.</p>	<p>sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información e resolver problemas relacionados coa vida diaria.</p>	<p>▪MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.</p>	▪CMCCT	▪100%	▪20%	<p>▪OBS</p> <p>▪PE</p> <p>▪CAD</p>	<p>▪1</p> <p>▪2</p> <p>▪4</p> <p>▪5</p>
			<p>▪MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.</p>	▪CMCCT	▪50%	▪10%	<p>▪OBS</p> <p>▪PE</p> <p>▪TI</p>	▪Todas
<p>▪e</p> <p>▪f</p> <p>▪g</p> <p>▪h</p>	<p>▪B2.10. Divisibilidade dos números naturais: criterios de divisibilidade.</p> <p>▪B2.11. Números</p>	<p>▪B2.2. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en</p>	<p>▪MAB2.2.1. Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisibilidade e operacións elementais.</p>	▪CMCCT	▪75%	▪10%	<p>▪OBS</p> <p>▪PE</p>	<p>▪1</p> <p>▪3</p>

Matemáticas. 1º de ESO								
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Peso cualif.	Instrumentos de avaliación	Unidades
	primos e compostos. Descomposición dun número en factores. Descomposición en factores primos. ■B2.12. Múltiplos e divisores comúns a varios números. Máximo común divisor e mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais. ■B2.13. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións. ■B2.14. Potencias de base 10. Utilización da notación científica para representar números grandes. ■B2.8. Xerarquía das operacións. ■B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.	contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números.	■MAB2.2.2. Aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 11 para descompoñer en factores primos números naturais, e emprégaos en exercicios, actividades e problemas contextualizados.	■CMCCT	■100%	■10%	■OBS ■PO ■PE ■CAD	■3
			■MAB2.2.3. Identifica e calcula o máximo común divisor e o mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais mediante o algoritmo axeitado, e aplica problemas contextualizados.	■CMCCT	■100%	■10%	■OBS ■PE	■3
			■MAB2.2.4. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.	■CMCCT	■100%	■10%	■OBS ■PE	■2
			■MAB2.2.5. Calcula e interpreta adecuadamente o oposto e o valor absoluto dun número enteiro, comprendendo o seu significado e contextualizándoo en problemas da vida real.	■CMCCT	■100%	■10%	■OBS ■PE ■PO	■4
			■MAB2.2.6. Realiza operacións de redondeo e truncamento de números decimais, coñecendo o grao de aproximación, e aplica a casos concretos.	■CMCCT	■100%	■10%	■OBS ■PE	■5
			■MAB2.2.7. Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas.	■CMCCT	■100%	■10%	■PE ■OBS	■5 ■7
			■MAB2.2.8. Utiliza a notación científica, e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes.	■CMCCT	■100%	■10%	■PE ■OBS	■2
■e ■f	■B2.8. Xerarquía das operacións. ■B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.	■B2.3. Desenvolver, en casos sinxelos, a competencia no uso de operacións combinadas como síntese da secuencia de operacións aritméticas, aplicando correctamente a xerarquía das	■MAB2.3.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.	■CMCCT	■100%	■10%	■PE ■OBS	■1 ■4 ■5

Matemáticas. 1º de ESO								
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Peso cualif.	Instrumentos de avaliación	Unidades
		operacións ou estratexias de cálculo mental.						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪e</li> <li>▪f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪B2.4. Elixir a forma de cálculo apropiada (mental, escrita ou con calculadora), usando diferentes estratexias que permitan simplificar as operacións con números enteiros, fraccións, decimais e porcentaxes, e estimando a coherencia e a precisión dos resultados obtidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪MAB2.4.1. Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar cálculos exactos ou aproximados, valorando a precisión esixida na operación ou no problema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪75%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪OBS</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪1</li> <li>▪4</li> <li>▪5</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪MAB2.4.2. Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪75%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪10%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪OBS</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪1</li> <li>▪4</li> <li>▪5</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪e</li> <li>▪f</li> <li>▪g</li> <li>▪h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪B2.15. Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións porcentuais.</li> <li>▪B2.16. Razón, proporción e taxa. Taxa unitaria. Factores de conversión. Magnitudes directamente proporcionais. Constante de proporcionalidade.</li> <li>▪B2.17. Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou variacións porcentuais. Repartición directamente proporcional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪B2.5. Utilizar diferentes estratexias (emprego de táboas, obtención e uso da constante de proporcionalidade, redución á unidade, etc.) para obter elementos descoñecidos nun problema a partir doutros coñecidos en situacións da vida real nas que existan variacións porcentuais e magnitudes directamente proporcionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪MAB2.5.1. Identifica e discrimina relacións de proporcionalidade numérica (como o factor de conversión ou cálculo de porcentaxes) e emprégaas para resolver problemas en situacións cotiás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪100%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪10%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪PE</li> <li>▪OBS</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪9</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪b</li> <li>▪f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪B5.5. Azar e probabilidade. Frecuencia dun suceso aleatorio.</li> <li>▪B5.6. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace.</li> <li>▪B5.7. Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes. Diagrama en árbore.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪B5.3. Calcular probabilidades simples e compostas para resolver problemas da vida cotiá, utilizando a regra de Laplace en combinación con técnicas de reconto como os diagramas de árbore e as táboas de continxencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪MAPB5.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace e utiliza, especialmente, diagramas de árbore ou táboas de continxencia para o reconto de casos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪MAPB5.3.2. Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos nos que interveñan dúas experiencias aleatorias simultáneas ou consecutivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪CMCCT</li> </ul>

## 6.4.2. Concreción dos estándares.

### 3º de ESO

Estándares de aprendizaxe	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO			Unidades
	Grao mínimo de consecución	Peso cualificación (unidade)	Instrumentos	
	Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas			
■MAPB1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	70%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).	90%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.	70%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia.	60%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas.	70%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.	70%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas atopadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, e valora a súa eficacia e a súa idoneidade.	70%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	60%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.4.2. Formúlase novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.	80%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades

Estándares de aprendizaxe	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO			Unidades
	Grao mínimo de consecución	Peso cualificación (unidade)	Instrumentos	
■MAPB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes: alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística.	70%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	60%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.	70%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.	50%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	60%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	50%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso, obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.	50%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	80%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	60%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.	80%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas, e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.	50%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	80%		Observación na aula- traballo en grupo	Todas as unidades

Estándares de aprendizaxe	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO			Unidades
	Grao mínimo de consecución	Peso cualificación (unidade)	Instrumentos	
■MAPB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	50%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares.	50%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	70%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.	60%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	11, 12, 13, 14
■MAPB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.	40%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	11, 12, 13, 14
■MAPB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.	40%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	8, 9, 10
■MAPB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.	70%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	13, 14
■MAPB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.	70%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.	50%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.	70%		Observación na aula- Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades
■MAPB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.	70%		Observación na aula Traballo individual traballo en grupo	Todas as unidades

Estándares de aprendizaxe	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO			Unidades
	Grao mínimo de consecución	Peso cualificación (unidade)	Instrumentos	
	Bloque 2. Números e álgebra			
■MAPB2.1.1. Aplica as propiedades das potencias para simplificar fraccións cuxos numeradores e denominadores son produtos de potencias.	70%	5%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 2
■MAPB2.1.2. Distingue, ao achar o decimal equivalente a unha fracción, entre decimais finitos e decimais infinitos periódicos, e indica, nese caso, o grupo de decimais que se repiten ou forman período.	70%	5%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 1 e 2
■MAPB2.1.3. Expressa certos números moi grandes e moi pequenos en notación científica, opera con eles, con e sen calculadora, e utilízalos en problemas contextualizados.	70%	5%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 3
■MAPB2.1.4. Distingue e emprega técnicas adecuadas para realizar aproximacións por defecto e por exceso dun número en problemas contextualizados, e xustifica os seus procedementos.	70%	5%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 3
■MAPB2.1.5. Aplica axeitadamente técnicas de truncamento e redondeo en problemas contextualizados, recoñecendo os erros de aproximación en cada caso para determinar o procedemento máis axeitado.	70%	5%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 3
■MAPB2.1.6. Expressa o resultado dun problema, utilizando a unidade de medida adecuada, en forma de número decimal, redondeándoo se é necesario coa marxe de erro ou precisión requiridas, de acordo coa natureza dos datos.	70%	10%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 1, 2, 3 e 4
■MAPB2.1.7. Calcula o valor de expresións numéricas de números enteiros, decimais e fraccionarios mediante as operacións elementais e as potencias de números naturais e expoñente enteiro, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	70%	25%	Observación na aula Proba escrita	Unidade, 2 e 3
■MAPB2.1.8. Emprega números racionais e decimais para resolver problemas da vida cotiá, e analiza a coherencia da solución.	70%	10%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 1, 2, 3 e 4
■MAPB2.2.1. Calcula termos dunha sucesión numérica recorrente usando a lei de formación a partir de termos anteriores.	70%	15%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 5
■MAPB2.2.2. Obtén unha lei de formación ou fórmula para o termo xeral dunha sucesión sinxela de números enteiros ou fraccionarios.	70%	15%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 5
■MAPB2.2.3. Valora e identifica a presenza recorrente das sucesións na natureza e resolve problemas asociados a estas.	70%	15%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 5

Estándares de aprendizaxe	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO			Unidades
	Grao mínimo de consecución	Peso cualificación (unidade)	Instrumentos	
■MAPB2.3.1. Suma, resta e multiplica polinomios, expresa o resultado en forma de polinomio ordenado e aplica a exemplos da vida cotiá.	80%	70%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 6
■MAPB2.3.2. Coñece e utiliza as identidades notables correspondentes ao cadrado dun binomio e unha suma por diferenza, e aplica as nun contexto adecuado.	80%	30%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 6
■MAPB2.4.1. Resolve ecuacións de segundo grao completas e incompletas mediante procedementos alxébricos e gráficos.	80%	50%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 7
■MAPB2.4.2. Resolve sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas mediante procedementos alxébricos ou gráficos.	80%	50%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 8
■MAPB2.4.3. Formula alxebricamente unha situación da vida cotiá mediante ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas lineais de dúas ecuacións con dúas incógnitas, resólveas e interpreta criticamente o resultado obtido.	80%	50%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 7 e 8
	Bloque 3. Xeometría			
■MAPB3.1.1. Coñece as propiedades dos puntos da mediatriz dun segmento e da bisectriz dun ángulo.	50%	15%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 11
■MAPB3.1.2. Utiliza as propiedades da mediatriz e a bisectriz para resolver problemas xeométricos sinxelos.	50%	15%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 11
■MAPB3.1.3. Manexa as relacións entre ángulos definidos por rectas que se cortan ou por paralelas cortadas por unha secante, e resolve problemas xeométricos sinxelos nos que interveñen ángulos.	50%	15%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 11
■MAPB3.1.4. Calcula o perímetro de polígonos, a lonxitude de circunferencias e a área de polígonos e de figuras circulares en problemas contextualizados, aplicando fórmulas e técnicas adecuadas.	80%	65%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 11
■MAPB3.1.5. Calcula áreas e volumes de poliedros regulares e corpos de revolución en problemas contextualizados, aplicando fórmulas e técnicas adecuadas.	50%	100%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 12
■MAPB3.2.1. Divide un segmento en partes proporcionais a outros datos e establece relacións de proporcionalidade entre os elementos homólogos de dous polígonos semellantes.	50%	15%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 11
■MAPB3.2.2. Recoñece triángulos semellantes e, en situacións de semellanza, utiliza o teorema de Tales para o cálculo indirecto de lonxitudes.	70%	10%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 11

Estándares de aprendizaxe	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO			Unidades
	Grao mínimo de consecución	Peso cualificación (unidade)	Instrumentos	
■MAPB3.3.1. Calcula dimensións reais de medidas de lonxitudes en situacións de semellanza (planos, mapas, fotos aéreas, etc.).	70%	10%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 11
■MAPB3.4.1. Identifica os elementos máis característicos dos movementos no plano presentes na natureza, en deseños cotiáns ou obras de arte.	70%	15%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 13
■MAPB3.4.2. Xera creacións propias mediante a composición de movementos, empregando ferramentas tecnolóxicas cando sexa necesario.	70%	15%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 13
■MAPB3.5.1. Sitúa sobre o globo terráqueo o Ecuador, os polos, os meridianos e os paralelos, e é capaz de situar un punto sobre o globo terráqueo coñecendo a súa latitude e a súa lonxitude.	80%	15%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 12
Bloque 4. Funcións				
MAPB4.1.1. Interpreta o comportamento dunha función dada graficamente, e asocia enunciados de problemas contextualizados a gráficas.	80%	25%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 9
■MAPB4.1.2. Identifica as características máis salientables dunha gráfica, e interprétaos dentro do seu contexto.	80%	25%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 9
■MAPB4.1.3. Constrúe unha gráfica a partir dun enunciado contextualizado, e describe o fenómeno exposto.	80%	25%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 9
■MAPB4.1.4. Asocia razoadamente expresións analíticas sinxelas a funcións dadas graficamente.	80%	25%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 9
■MAPB4.2.1. Determina as formas de expresión da ecuación da recta a partir dunha dada (ecuación punto-pendente, xeral, explícita e por dous puntos), identifica puntos de corte e pendente, e represéntaa graficamente.	80%	25%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 10
■MAPB4.2.2. Obtén a expresión analítica da función lineal asociada a un enunciado e represéntaa.	80%	25%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 10
■MAPB4.3.1. Representa graficamente unha función polinómica de grao 2 e describe as súas características.	80%	25%	Observación na aula Proba escrita	Unidade 10
■MAPB4.3.2. Identifica e describe situacións da vida cotiá que poidan ser modelizadas mediante funcións cuadráticas, estúdaas e represéntaa utilizando medios tecnolóxicos cando sexa necesario.	80%	25%	Observación na aula  Proba escrita	Unidade 10



Estándares de aprendizaxe	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO			Unidades
	Grao mínimo de consecución	Peso cualificación (unidade)	Instrumentos	
Bloque 5. Estatística e probabilidade				
MAPB5.1.1. Distingue poboación e mostra, e xustifica as diferenzas en problemas contextualizados.	80%	5%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 14 e 15
MAPB5.1.2. Valora a representatividade dunha mostra a través do procedemento de selección, en casos sinxelos.	80%	5%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 14e 15
MAPB5.1.3. Distingue entre variable cualitativa, cuantitativa discreta e cuantitativa continua, e pon exemplos.	80%	5%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 14e 15
MAPB5.1.4. Elabora táboas de frecuencias, relaciona os tipos de frecuencias e obtén información da táboa elaborada.	80%	15%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 14e 15
MAPB5.1.5. Constrúe, coa axuda de ferramentas tecnolóxicas, de ser necesario, gráficos estatísticos adecuados a distintas situacións relacionadas con variables asociadas a problemas sociais, económicos e da vida cotiá.	80%	15%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 14e 15
MAPB5.1.6. Planifica o proceso para a elaboración dun estudo estatístico, de xeito individual ou en grupo.	80%	15%	Observación na aula Traballo individual, traballo en grupo	Unidade 14e 15
MAPB5.2.1. Calcula e interpreta as medidas de posición dunha variable estatística para proporcionar un resumo dos datos.	80%	15%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 14e 15
MAPB5.2.2. Calcula os parámetros de dispersión dunha variable estatística (con calculadora e con folia de cálculo) para comparar a representatividade da media e describir os datos.	80%	15%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 14e 15
MAPB5.3.1. Utiliza un vocabulario axeitado para describir, analizar e interpretar información estatística nos medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá.	80%	5%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 14 e 15
MAPB5.3.2. Emprega a calculadora e medios tecnolóxicos para organizar os datos, xerar gráficos estatísticos e calcular parámetros de tendencia central e dispersión.	80%	5%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 1 4e 15
MAPB5.3.3. Emprega medios tecnolóxicos para comunicar información resumida e relevante sobre unha variable estatística que analizase.	80%	5%	Observación na aula Traballo individual	Unidade 14 e 15

## 7. TEMAS TRANSVERSAIS.

O currículo oficial reconece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Debe ser suficientemente flexible para recoller as novas necesidades formativas características dunha sociedade plural en permanente cambio. Polo tanto, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das materias, o atravesan e o impregnan. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas transversais.

A LOMCE, no artigo 24.6 establece que, sen prexuízo do seu tratamento educativo específico nalgunhas das materias de etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional se traballarán en todas as materias.

Para o traballo da **Comprensión lectora** empregaremos os enunciados das actividades, as lecturas proposta polo libro sobre apuntes históricos das Matemáticas, breves biografías de matemáticos/as,

O alumnado poderá ler os libros recollidos dentro do listado de volumes propostos polo profesorado da área e pertencentes á biblioteca,

Para a **Expresión oral e escrita** intentarase que o alumnado sexa quen de expresar de forma escrita e oral aquilo as tarefas que realiza (método de resolución empregados, cálculos, ...), tanto actividades sinxelas, como tarefas máis complexas (os diferntes aspectos dun proxecto). Toda a ESO poderá traballar este contido.

A **Comunicación audiovisual** encaixa perfectamente na análise das mensaxes visuais e audiovisuais. Toda a ESO poderá traballar este contido.

**Actividade 1.** Presentar en clase novas que aparezan nos xornais ao longo do curso e que teñan que ver coas matemáticas, para lelas e logo comentalas entre todos. Estas novas pode levalas o profesor ou calquera alumno que as vexa nun xornal, fomentando así a lectura de xornais e a análise e reflexión críticas de noticias con contido matemático que aparezan en prensa.

En canto ás **TIC**, fomentaremos a autonomía e a colaboración na busca de información a través de Internet o emprego de materiais interactivos e outros recursos dispoñibles na rede no proceso ensino-aprendizaxe e o emprego do soporte informático na elaboración e presentación dos traballos do alumnado, ademais de inicialos no manexo de programas e aplicacións específicas.

A **capacidade para o emprendemento** pódese ver enriquecida co emprego de instrumentos coma os traballos e os proxectos, onde xurdirá a necesidade de toma de decisións, de ter iniciativas e de propor solucións ás propostas formuladas .

O departamento de matemáticas diseña dúas actividades do centro que engloba **expresión oral e escrita, capacidade para o emprendemento, comunicación audiovisual, TIC**

**Actividade 2.** Organización dun concurso de narracións ou relatos curtos nos que na trama se mesturen aspectos ou personaxes relacionados dalgún xeito co mundo das matemáticas. Nas bases do concurso o departamento poderá deixar aos alumnos a libre elección do tema ou ben propoñerlles un tema común para todas as narracións.

**Actividade 3.** Elaboraranse traballos sobre acontecementos e persoas relacionados coas matemáticas ao longo da historia, para o cal terán que buscar e seleccionar información na Internet ou en bibliografía recomendada, fomentando así a capacidade e comprensión lectoras do alumnado.

**Actividade 4.** Organización dunha exposición de fotografía matemática. Onde unha parte importante e o título da fotografía e a explicación escrita da razón pola cal a ligamos as matemáticas.

A convivencia na aula e os traballos en equipo, favorecerán a **educación cívica** e constitucional. Toda a ESO traballará este contido. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual

Ademais, intentaremos introducir tódolos contidos comúns-transversais no desenvolvemento das competencias clave , nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación de todos os cursos, orientándoos cara unhas actitudes concretas:

- Fomentar a tolerancia intelectual para aceptar e estar abertos a outras, opinións, interpretacións e puntos de vista diferentes dos propios.
- Propugnar unha actitude de rexeitamento ante mensaxes que denotan unha discriminación sexual, racial, social etc.
- Valorar as matemáticas para interpretar, describir o noso entorno
- Aprender a desfrutar do tempo de lecer dun xeito persoal e enriquecedor.

**A igualdade entre os sexos, a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico, e a educación para a paz** introducirase fomentando o desenvolvemento de actividades de grupo sen distincións por razóns de sexo, e potenciando un clima, tanto nos grupos de traballo como na clase, de aceptación, respecto e valoración das solucións distintas das propias que sexan aportadas por outras persoas, independentemente do seu sexo, raza, nacionalidade, grao de discapacidade (se é o caso), condición sexual, crenza relixiosa, etc. Así mesmo, empregárase diariamente unha linguaxe non sexista, non violenta, non discriminatoria e non irrespectuosa co alumnado e coidando de que os enunciados dos exercicios e problemas non reproduzan roles de tipo sexista ou tolerantes coa violencia.

### **8. DIRECTRICES METODOLÓXICAS.**

Para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros; unha metodoloxía baseada en actividades ou proxectos matemáticos que poñan en contexto os contidos aprendidos, o que permitirá fortalecer a autonomía persoal e o traballo en equipo, entre outras habilidades.

Os aspectos metodolóxicos a seguir no proceso de ensino-aprendizaxe na E.S.O., seguirán os seguintes principios:

**Metodoloxía activa.** Buscarase a implicación activa do alumnado como protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe, .

**Experimental.** Tódolos conceptos, habilidades, ou teorías expostas serán comprobadas de forma empírica a través do traballo práctico.

**Participativa.** Fomentarase o intercambio de opinións e puntos de vista entre o alumnado coa finalidade da implicación responsable no proceso de ensino-aprendizaxe.

**Aberta.** Tratarase de vincular o traballo de aula co entorno vital do alumnado (medios de comunicación, etc.), servindo aquel de instrumento de análise da súa propia realidade, e reciprocamente esta última como un material valioso no seu proceso de aprendizaxe, para o que se motivará ao alumno á procura de información por medios como internet ou prensa.

Neste ámbito incluírase a achega do *Departamento ao Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación*. Ademais da utilización de ordenadores nos ámbitos da materia, preténdese que o/a alumno/a empregue as tecnoloxías da información como medios de expresión do seu propio traballo, así como para a busca de información e xestión da mesma (comunicar o seu traballo a través de presentacións con soporte informático, busca en Internet, etc).

**Transversal.** Buscarase a conexión con outras materias, así como a introdución de aspectos que teñan que ver con problemáticas de importancia para o alumnado: convivencia, sexismo, multiplicidade, etc.. Neste sentido considerarase a achega do *Departamento ao Proxecto lector de centro*.

A metodoloxía proposta seguirá un modelo de intervención educativa no que observaremos estas directrices:

- Partir do nivel de desenvolvemento do/a alumno/a, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren dito nivel de desenvolvemento.
- Suliñar a necesidade de estimular o desenvolvemento das capacidades xerais e das competencias clave por medio do traballo paulatino e ordenado conforme ás capacidade do/a alumno/a.
- Dar prioridade á comprensión dos contidos cos que se traballa fronte á súa mera aprendizaxe mecánica.
- Procurar ofrecer oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos de modo que o alumnado poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido dende unha perspectiva de aprendizaxe significativa.
- Fomentar a reflexión persoal sobre o realizado e a formulación de opinións críticas con respecto ao que se aprendeu de modo que o/a alumno/a poida asimilar o aprendido e incorporalo eficazmente á súa experiencia persoal.

Tendo en conta estas directrices metodolóxicas e servíndonos do carácter progresivo que teñen as matemáticas ao longo dos catro cursos dos que consta a educación secundaria obrigatoria, cada

profesor irá introducindo novos contidos partindo de actividades sinxelas, favorecendo que os/as alumnos/as os descubran por si mesmos e os conecten cos que xa saben.

Para iso deixarase un pouco de lado o aspecto máis rigoroso e lóxico do razoamento matemático e tratarase de empregar unha linguaxe máis próxima ao alumando. Si ben aquela vertente das matemáticas tampouco se esquecerá por completo, e será tarefa do profesorado ir familiarizando aos seus/súas alumnos/as coa linguaxe matemática e o rigor do razoamento lóxico-dedutivo tan característico das demostracións matemáticas a pesar de que nesta etapa non se lles exporá ningunha.

Para lograr iso, as exposicións no encerado xogarán un papel importante na presentación de contidos ou de exemplos que o profesor queira amosar aos/ás seus/súas alumnos/as, proporcionándolles a confianza necesaria para que fagan as intervencións que desexen, a fin de facer do proceso de aprendizaxe un proceso de diálogo no que os alumnos participen de forma activa.

Ademais do encerado, o profesor/a poderá usar recursos informáticos, recursos presentes nos medios de comunicación ou a calculadora. Mención aparte merece o uso da calculadora. Porque si ben este é un recurso non só útil senón imprescindible a certos niveis para axilizar a busca de solucións a un problema, cando esta non sexa a finalidade do cálculo, os/as alumnos/as non poderán facer uso dela. É dicir, nas unidades didácticas ou temas que teñan que ver cos contidos do bloque de números, os/as alumnos/as non poderán utilizar a calculadora. Porque dende o Departamento de Matemáticas, cremos que neste bloque trátase de que os/as alumnos/as coñezan e realicen todas as operacións e cálculos con precisión, ademais de que desenvolvan o cálculo mental.

Para mellorar o desenvolvemento das competencias, no Departamento de Matemáticas presentará ao alumnado actividades baseadas na resolución de problemas, no que se refire a identificacións das situacións, a aplicacións de coñecementos, o uso de estratexias, a argumentacións e a xustificación. Para acadar este obxectivo, realizaranse un maior número de problemas con enunciados elaborados con datos da súa realidade cotiá e que permitirán, tamén, traballar a lectura comprensiva.

## Dinámicas de grupo.

Dependendo do tipo de actividade proposta, o sistema de traballo modificará o número de alumnos/as que toman parte nela. Dende este punto de vista, planifícanse catro tipos de actividades:

- **Individuais.** Para favorecer a iniciativa propia, a creatividade e a autonomía persoal. Serán valoradas de xeito individual tamén.
- **En parella.** Unha forma de estimular o debate e o intercambio de ideas nun primeiro momento. A valoración deste tipo de actividade é compartida a partes iguais polos integrantes da parella.
- **De pequeno grupo.** Tomando como moito grupos de cinco persoas, intentamos favorecer a integración e desenvolver a capacidade de traballo en equipo. Na valoración final intervirán, ademais do profesor, o alumnado integrado no grupo.
- **De gran grupo.** Pretenden convidar ao debate e estimular o desenvolvemento das relacións sociais e persoais. Na valoración final intervirán, ademais do profesor, o alumnado integrado no grupo.

### 8.1. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Nas sesións de aula utilizaremos diferentes tipos de recursos didácticos como:

- Libro de texto:

  - 1º ESO: Matemáticas 1 - Ed, Anaya.

  - 2º ESO: Matemáticas 2 - Ed. Anaya.

  - 3º ESO :

    - Matemáticas orientadas a las ciencias aplicadas 3 - Ed, Anaya,

    - Matemáticas Académicas Serie Resuelve 3º - Ed. Santillana.

  - 4º ESO:

    - Matemáticas orientadas a las ciencias aplicadas 4 - Ed. Anaya.

    - Matemáticas Académicas 4.1A – Ed. Vicens-Vives.

- Libro dixital

- Webs de referencia

- Videotutoriais e diferente tipo de recursos na rede.

- Emprego de recursos TIC de creación propia.

- Actividades libros, cadernos ou de creación propia.

- Programas informáticos ( Geogebra, folla de cálculo).

- Páxinas webs para traballar o cálculo numérico.

- Material de debuxo para as construcións xeométricas.
- Sólidos xeométricos.
- Libros de lectura.
- Encerados dixitais e canóns na maioría das aulas.

## **9. AVALIACIÓN.**

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado da educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora e deberase ter en conta o grao de dominio das competencias correspondentes á educación secundaria obrigatoria a través de procedementos de avaliación e instrumentos de obtención de datos que ofrezan validez e fiabilidade na identificación das aprendizaxes adquiridas.

Para favorecer a flexibilidade no proceso avaliador, consideramos oportuno non asignar a priori un procedemento e/ou instrumento a cada un dos estándares recollidos nesta programación. Parécenos máis operativo propor unha relación dos que empregaremos ao longo do curso, e cuxa elección irá sempre en función das características do alumnado e/ou do grupo.

### **9.1. AVALIACIÓN DE 1º E 2º DE E.S.O.**

#### **Procedementos e instrumentos de avaliación.**

##### **1. Avaliación inicial.**

Ao alumnado faráselle ao comezo do curso unha proba escrita que permitirá coñecer o seu grao de madurez, o nivel de coñecementos, os procedementos que utiliza para a resolución das tarefas , a facilidade para o cálculo, recoñecemento de elementos xeométricos e a capacidade do alumnado para a interpretación da información presentada en táboas ou en gráficas.

Ademais, complementaremos esta información mediante a observación da actitude e o traballo diario do alumnado.

Os resultados da proba e/ou das observacións directas na aula, determinarán se é preciso paliar determinadas deficiencias e retomar e afianzar conceptos clave a nivel individual ou de grupo. Nesta liña, deseñaríamos un programa de repaso con actividades tanto de reforzo como de ampliación, estas últimas para aqueles alumnos que sí acadaron resultados satisfactorios nas probas



## 2. Avaliación continua.

Realizarase unha proba escrita por cada tema baseada nos estándares de aprendizaxe correspondentes . No caso de que algún/algunha alumno/a non supere a proba terá que facer unha recuperación, sempre que a súa nota sexa inferior a CATRO. Tamén, cada tres meses os/as alumnos/as deberán presentar un traballo ou proxecto . A partir destes datos, xunto coas observacións recollidas durante o traballo na aula, farase ao final de cada trimestre unha valoración (avaliación parcial) da aprendizaxe de cada alumno/a.

Os instrumentos de avaliación que se empregarán serán os seguintes:

<b>Saberes actitudinais (5%)</b>		
<b>Instrumentos de avaliación</b>	<b>Elementos avaliábeis</b>	<b>Criterios de cualificación</b>
Observación ( <b>OBS</b> ).	<ul style="list-style-type: none"><li>•Presentación das tarefas en tempo e forma.</li><li>•Actitude participativa na clase.</li><li>•Dispoñibilidade do material necesario no momento requirido.</li><li>•Actitude respectuosa do alumno/a cos seus compañeiros/as da aula durante as clases, así como co profesorado.</li></ul>	En principio, todo o alumnado terá un DEZ pola actitude. Pero, cando o/a alumno/a non realice ou non remate as tarefas que se lle encomenden (ben na clase ou na casa), non presente o caderno, non traia o material , teña faltas de puntualidade inxustificadas ou cando manteña unha actitude e comportamento negativos en clase, será reflectido no caderno de seguimento diario do profesor e quitaráselle, de cada vez, entre 1 e 3 puntos.

### **b) Saberes conceptuais (85%).**

Instrumentos de avaliación	Elementos avaliábeis	Criterios de cualificación
Probas escritas (PE). Probas orais (PO).	Grao de consecución dos estándares de aprendizaxe, tendo en conta os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> <li>•Comprensión da tarefa proposta.</li> <li>•Razoamento aplicado na súa resolución.</li> <li>•Desenvolvemento e precisión nos cálculos.</li> <li>•Execución e claridade expositiva.</li> </ul>	Establécese unha correspondencia entre o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e a cualificación deste tipo de saberes. Cada estándar será cualificado segundo a seguinte relación: Excelente : 1 Bo : 0,75 Elemental : 0,5 Insuficiente : 0,25 Sen resposta : 0
<b>c) Saberes procedimentais (5%).</b>		
Instrumentos de avaliación	Elementos avaliábeis	Criterios de cualificación
Pequenos proxectos . Traballos individuais ou por parellas (TI ou TG).	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Comprensión do problema proposto.</li> <li>•Recursos, coñecementos e razoamento para resolvelo.</li> <li>•Execución. Avaliarase o uso dos coñecementos indicados en cada caso e precisión nos cálculos.</li> </ul> <p><b>•En calquera caso, na avaliación teranse en conta as circunstancias e capacidades de cada alumno/a en particular.</b></p>	Como no caso das probas tipo exame, os traballos de aula virán referenciados aos estándares de aprendizaxe que se pretenden avaliar. Establecéndose o mesmo cadro de correspondencias entre graos de concreción e cualificación numérica.

<b>d) Caderno (5%)</b>		
<b>Instrumento de avaliación</b>	<b>Elementos avaliábeis</b>	<b>Criterios de cualificación</b>
Caderno (CAD).	<p>Caligrafía.</p> <p>Ortografía.</p> <p>Limpeza.</p> <p>Formato (Título do tema, marxes, numeración,etc).</p> <p>Exercicios corrixidos.</p> <p>Actividades ao día (Non faltan exercicios).</p>	<p>Os cadernos serán valorados tema a tema. En principio, todos/as alumnos/as terán un DEZ polo caderno, pero poderano perder se:</p> <p>Teñen mala letra (de 1 a 3 puntos).</p> <p>Faltas de ortografía ( 0,25 puntos/ falta).</p> <p>Riscos ou uso excesivo do corrector (0,5 puntos por cada un).</p> <p>Non respectar o formato (0,5 puntos).</p> <p>Exercicios sen corrixir ou incompletos (1 punto/exercicio).</p> <p>Faltan exercicios (1punto/exercicio).</p>

## Mínimos esixibles para unha avaliación positiva.

### Sistema de cualificación das diferentes avaliacións.

Antes de nada, mencionar que os **contidos mínimos** que se esixirán para que un alumno supere a área de Matemáticas son todos os que aparecen recollidos e concretados no Anexo ; Contidos mínimos.

A cualificación global de cada unha das tres avaliacións estará baseada en :

**1. Saberes actitudinais.....5%.**

**2. Saberes conceptuais\* .....85%.**

**3. Saberes procedimentais.....5%.**

**4. Caderno\* .....5%.**

\* Como no trimestre haberá varias notas de probas escritas e do caderno, calcularase a media aritmética de todas elas antes de aplicar a porcentaxe correspondente.

En caso de non realizarse ningún traballo ao longo do trimestre, os saberes conceptuais terán un 90%.

O redondeo da nota numérica, a partir das 5 décimas, realizarase cara arriba se a actitude é boa, nos demais casos cara abaixo.

### 3. Avaliación final ordinaria en xuño.

- Para que un alumno/a sexa avaliado positivamente ó final de curso, deberá ter aprobadas todas as avaliacións. Neste caso, a nota final será a media aritmética das tres avaliacións. Se a nota é un número decimal con parte decimal maior ou igual a 0,5, pódese ver incrementada se o/a alumno/a tivo unha actitude boa ao longo do curso ou diminuída, en caso contrario.
- O alumnado que sexa avaliado negativamente nunha avaliación, poderá realizar unha proba global na que se examinará de todos os contidos tratados ó longo desa avaliación.
- Un/Unha alumno/a, que unha vez rematado o curso e realizadas todas as probas correspondentes aos tres trimestres, teña unha avaliación suspensa, poderá igualmente aprobar o curso se a nota nesa avaliación non é inferior a 4, e sempre e cando **non teña** anotados os aspectos negativos dos saberes actitudinais.

#### **4. Avaliación extraordinaria en setembro.**

Realizarase unha proba escrita ao alumnado que non superase a materia na avaliación final ordinaria de xuño. Dita proba abranguerá todos os contidos tratados ao longo do curso.

### **8.2. AVALIACIÓN DE 3º E 4º DE E.S.O.**

#### **Procedementos e instrumentos de avaliación.**

Os procesos de valoración produciranse en sesións de avaliacións dos traballos. As correccións poderán ser individuais ou en gran grupo dependendo da natureza do traballo e do tipo de grupo. É importante este tipo de sesións pois nelas vólvese sobre os contidos obxecto dos traballos, fixándose definitivamente a aprendizaxe, e ao tempo, o proceso avaliativo é máis participativo e transparente.

Polo tanto pretendemos incorporar estratexias que permitan a participación do alumnado na súa avaliación, reflexionando sobre o seu punto de partida en canto aos logros e ás dificultades (autoevaluación) ou valorando a participación dos seus compañeiros nas actividades grupais (avaliación entre iguais).

Estableceranse ademais, as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais.

En caso de precisarse actividades de reforzo específicas, o tipo e cantidade destas será decidido polo profesor, aínda que sempre irán referidas aos contidos parciais nos que o alumnado amosou non alcanzar o grao mínimo necesario previsto.

#### **1. Avaliación inicial.**

Ao alumnado faráselle ao comezo do curso unha proba escrita que permitirá coñecer o seu grao de madurez, o nivel de coñecementos, os procedementos que utiliza para a resolución das tarefas, a facilidade para o cálculo, recoñecemento de elementos xeométricos e a capacidade do alumnado para a interpretación da información presentada en táboas ou en gráficas.

Ademais, complementaremos esta información mediante a observación da actitude e o traballo diario do alumnado.

Os resultados da proba e/ou das observacións directas na aula, determinarán se é preciso paliar determinadas deficiencias e retomar e afianzar conceptos clave a nivel individual ou de grupo. Nesta liña, deseñaríamos un programa de repaso con actividades tanto de reforzo como de ampliación, estas últimas para aqueles alumnos que sí acadaron resultados satisfactorios nas probas

## 2. Avaliación continua.

Realizárase como mínimo dúas probas escritas por avaliación baseada nos estándares de aprendizaxe correspondentes . No caso de que algún/algunha alumno/a non supere a proba terá que facer unha recuperación, sempre que a súa nota sexa inferior a CATRO. Tamén, cada tres meses os/as alumnos/as deberán presentar un ou varios traballo ou proxecto . A partir destes datos, xunto coas observacións recollidas durante o traballo na aula, farase ao final de cada trimestre unha valoración (avaliación parcial) da aprendizaxe de cada alumno/a.

### Criterios de avaliación.

Os criterios de avaliación son os establecidos no cadro do punto 6 desta programación.

### Mínimos esixibles para unha avaliación positiva. Sistema de cualificación

Antes de nada, mencionar que **os contidos mínimos** que se esixirán para que un alumno supere a área de Matemáticas son todos os que aparecen recollidos e concretados no Anexo ; Contidos mínimos.

Os instrumentos de avaliación que empregaremos están organizados de forma xeral segundo tres tipos de contidos ou saberes asociados a diferentes instrumentos de avaliación que relacionamos a continuación:

### Saberes actitudinais: Disminúe un máximo 0,5 puntos sobre 10.

Elementos avaliábeis:
Valoración do traballo individual.
Valoración do traballo en grupo.
Actitude participativa na clase.
Disponibilidade do material necesario no momento requirido.
Actitude respectuosa do alumno/a cos seus compañeiros/as da aula durante as clases, así como co profesorado da materia, segundo se establece nas normas de convivencia do centro
Instrumentos de avaliación:
Guía de observación. Lista de cotexo. Rexistro anecdótico
Criterios de cualificación:
A puntuación que <b>resta</b> este apartado será de 0,5 sobre 10 como máximo , dividíndose

en dous apartados :

**Traballo.** A entrega tardía dun traballo sen causa xustificada restará un 0,5 puntos da nota. Se foran dous días de atraso ou máis na entrega, non sumarán o punto á súa nota de avaliación.

**Actitude.** Consideramos que todo o alumnado debe cumprir ás normas de aula de convivencia.

Cando o alumno/a non realiza ou non remata os traballos que se lle encomendan (ben na clase ou na casa), se non trae o material a clase, ten faltas de puntualidade inxustificadas ou cando mantén unha actitude e comportamento negativos en clase, estas actitudes serán reflectidas cun negativo no caderno de seguimento diario do profesor. Cada un destes negativos poderán supoñer entre 0'1 e 0'5 puntos menos na nota final da avaliación correspondente

#### **b) Saberes conceptuais. Máximo 9 puntos sobre 10.**

##### **Elementos avaliábeis:**

Grao de consecución dos estándares de aprendizaxe, tendo en conta os seguintes aspectos:

Comprensión da tarefa proposta.

Razoamento aplicado na súa resolución.

Desenvolvemento e precisión nos cálculos.

Execución e claridade expositiva.

##### **Instrumentos de avaliación:**

Probas tipo exame:

1. Tarefas para aplicar o aprendido e coas que se mida o grao de concreción dos estándares de aprendizaxe

2, Problemas, que permitan avaliar a grao de desenvolvemento das competencias asociadas aos estándares de aprendizaxe avaliábeis

### Criterios de cualificación:

Establécese unha correspondencia entre o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e a cualificación deste tipo de saberes. Cada estándar será cualificado en base 4 e segundo a relación exposta a continuación na **táboa 1**.

Máximo 9 puntos sobre 10.

**Nas probas realizadas polo alumnado, nas tres avaliacións, terá que ter como mínimo un 4 sobre 10 para superar a avaliación**

Establécese unha correspondencia entre o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e a cualificación deste tipo de saberes. Cada estándar será cualificado en base 4 e segundo a seguinte relación: **Táboa 1**

Grao de consecución do estándar	Excelente	Bo	Elemental	Insuficiente	No caso de non responder
Cualificación	4	3	2	0,5	0

Como norma xeral haberá dúas ou máis probas por trimestre, a **nota final das probas da avaliación** será a media aritmética das cualificacións das probas feitas en dita avaliación.

Aquel alumnado que non faga as probas por causas xustificadas terán o dereito de facelas posteriormente será o profesorado quen estableza unha nova convocatoria por norma xeral dentro do horario da área

#### **.c) Saberes procedimentais. Máximo 1 puntos.**

##### **Elementos avaliábeis:**

O proceso de avaliación e cualificación constará de tres fases nas que, de modo independente pero coordinado, o profesorado valorará os seguintes aspectos do traballo:

Comprensión do problema proposto: tratarase de ver ata qué punto o alumnado comprende todos os aspectos da proposta enunciada polo profesorado.



Recursos, coñecementos e razoamento para resolvelo, este é quizais o aspecto máis complicado da avaliación, xa que nel o profesorado ten que procurar apreciar cómo o alumnado, ofrece unha proposta para desenvolverse a actividade.

Execución avaliarase o uso dos coñecementos indicados en cada caso e precisión nos cálculos.

**En calquera caso, na avaliación teranse en conta as circunstancias e capacidades de cada alumno/a en particular e todos aqueles aspectos relativos ao proceso de realización das actividades que poidan incidir no resultado.**

### **Instrumentos de avaliación:**

**Pequenos proxectos** Actividades propostas individuais moi pautados que se desenvolverán tanto na aula como na casa supervisados constantemente polo profesor/a. Son aplicacións directas das breves explicacións do profesor e cos que se pretende a experimentación dos contidos tratados con anterioridade. Pretenden fixar a nova aprendizaxe así como servir de material de estudo para a proba posterior. Poden realizarse en soporte papel ou virtual.

**Traballos: individuais ou por parellas** que se desenvolverán tanto na aula como na casa supervisados constantemente polo profesor e que ocuparán varias sesións. Requiren unha sesión previa de contidos na que se busca a participación do alumnado durante a mesma para finalizar coa exposición dos requisitos do traballo.

**Proxectos:** son traballos máis complexos nos que se require maior grao de investigación e implicación por parte do alumnado. Por este motivo están indicados para o alumnado de 3ºESO. Poden desenvolverse de xeito individual, en parella, pequeno grupo, ou gran grupo. O proxecto segmentarase en diferentes estadios para que o alumnado vaia adquirindo as competencias necesarias para desenvolver o proxecto ata o final. Dentro do proxecto iranse desenvolvendo diferentes contidos dun xeito aberto..

Para a avaliación das fichas, traballos ou proxectos, poderanse empregar o instrumentos que máis se axusten á proposta entre os que se relacionan a continuación:

